

Actividades propostas

Estas actividades están extractadas. Actividades completas e anexos en organizaciandemujeres.org

Vivendas sociais

MAIO

0 - 3 anos

A profesora ou profesor colocará ao alumnado en asemblea formando un círculo e amosaralles fotos de mulleres arquitectas e enxeñeiras que loitaron para que vivamos nun mundo mellor e explicámos en que consiste o seu traballo.

- Preguntamos se coñecen a algunha muller que teña esta profesión.
- Comentamos as dependencias das vivendas e a importancia de poder vivir nunha.
- Falarán dos espazos da casa onde viven.
- Escoitamos a canción Uxía Lambona e a Banda Molona na casa
- No recuncho das construcións facemos casas.

3 - 6 anos

Mesma proposta que para a etapa de 0 a 3 anos.

6 - 9 anos

A profesora ou profesor preguntará ao alumnado se coñecen as profesións das persoas que constrúen vivendas.

Falamos das diferentes profesións e se coñecen nomes de mulleres que sexan arquitectas. En casa coas súas familias, procurarán información sobre mulleres arquitectas e en que consiste o seu traballo. Buscarán recortes en revistas e por pequenos grupos elaboramos un mural baixo o título "Vivendas Sociais"

En grupos de tres elaborarán en plastilina un pobo.

Contarán os pasos que teñen cada unha/o na súa habitación, ao longo e ao ancho.

9 - 12 anos

O grupo clase pescudará sobre as mulleres propostas para este mes: onde naceron, falar dese lugar e situalo nun mapa, que traballos realizaron e a importancia da súa obra.


Falarase sobre a importancia das "vivendas sociais". Coñecen grupos de vivendas sociais no lugar onde viven?

Cal é a finalidade da construción de vivendas sociais.

Traballo individual sobre a importancia das vivendas sociais.



Pepa Domínguez Jaime



Ana Sugranyes Bickel

12 - 15 anos

Recentemente aprobouse a primeira *Lei de Vivenda* en España. Buscamos información no BOE sobre a mesma, e estudiámola dividindo a lei entre pequenos grupos. Organizamos un debate na clase ao redor das seguintes cuestións:

Cren que esta lei solucionará os problemas de vivenda que existen en España?

Que propostas de mellora farían a esta lei e que solución darían ao problema de falta de vivenda?

Cren que están recoñecidas e valoradas as arquitectas mulleres fronte aos seus compañeiros arquitectos? Cales poden ser as razóns.

Para finalizar farán un **traballo individual** a escoller entre os seguintes:

- Proposta de solución á falta de vivenda.
- Plano con medidas e distribución da súa vivenda ideal.

15 - 18 anos

Proponse un vídeo para ver na aula, logo dividimos a clase en grupos de tres a cinco persoas e asignámoslles o traballo para realizar sobre esta arquitecta **Pepa Domínguez Jaime**.

<https://www.youtube.com/watch?v=yWfVku5UmKo>

Despois de ver o vídeo e ver a información do enlace sobre a autoconstrución de vivendas en Marinaleda (Sevilla). Reflexionar de forma individual e contestar ás preguntas expostas a continuación:

Na actualidade o cambio climático e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), están na Axenda dos Gobernos e dos Organismos Internacionais.

1. Cres que é viable facer algo similar no teu municipio ou noutros municipios do país?
2. A implicación da cidadanía é importante na auto-construción de vivendas sociais?

Persoas adultas

Propóñense dous vídeos para ver en clase, logo dividimos a clase en grupos de tres a cinco persoas e asignámoslles unha arquitecta das dúas propostas.

Grupo 1. Ana Sugranyes

1. *"O dereito á cidade propicia o exercicio pleno da cidadanía e de todos os dereitos humanos, a produción e xestión social do hábitat, a xestión democrática da cidade, a través da participación da sociedade de forma directa..."* Que propón a arquitecta con esta afirmación?
2. Cal é a finalidade de *Habitat International Coalition*?

<https://www.youtube.com/watch?v=2mCRPkP7oac>

Grupo 2. Marisol Dalmazzo Peillard

Busca a información sobre a Asociación para la Vivienda Popular Simón Bolívar (AVP).

A maioría das cidades foron deseñadas por e para homes, segundo un estudo do Banco Mundial. Cres que é posible proxectar cidades máis seguras, sen violencia cara ás mulleres?



O alumnado colocárase por parellas. A partir destas e moitas outras preguntas, cada parella explicará cun texto e cun debuxo como sería a súa cidade ideal. Unha vez que cheguen a un acordo sobre como sería a cidade, un membro da parella encargárase da parte escrita e outro ou outro da ilustración. Cada parella compartirá a súa visión co resto da clase e en gran grupo deseñarán a cidade ideal para todos. Poden usar algunha aplicación lúdica como *buildaway-game*. Todos os traballos estarán expostos nos corredores do centro.

12 - 15 anos

Enxeñeiras de camiños, canles e portos

Vemos na clase o seguinte vídeo que, nuns 5 minutos aproximadamente, explica todos os ámbitos nos que a enxeñería de camiños, canles e portos desenvolveu a súa actividade a través de mulleres profesionais deste ámbito:

<https://www.youtube.com/watch?v=0geU5Zk2qJg>

Despois de ver o vídeo, en grupo, anotaremos que aptitudes, habilidades ou talentos cren que serían necesarios para levar a cabo este traballo. Unha vez feito isto, de xeito individual, o alumnado relacionará por escrito as súas características persoais con esta profesión, valorando se lle gustaría exercela no futuro.

15 - 18 anos

Arquitecta líder do mes

Cristina García Fontán é a principal arquitecta do mes de xullo no noso calendario. En parellas investigarán un pouco sobre a súa carreira e escribirán a súa biografía profesional nun documento. Podes usar aplicacións como Canva ou Adobe Express que proporcionan modelos para organizar a túa información en deseños atractivos. Expoñemos nun encerado o traballo realizado sobre a nosa protagonista.

Persoas adultas

Igualdade de oportunidades?

Vemos o seguinte vídeo que dura aproximadamente 2 minutos:

<https://www.youtube.com/watch?v=BBHdmwG2h8>

Dividimos a clase en grupos de 4 ou 5 persoas. Cada grupo investigará ao redor destas cuestións: Que porcentaxe de mulleres estuda unha carreira científica? Que é o teito de cristal? As mulleres teñen menos habilidades en ciencia e tecnoloxía? Existen diferenzas en Educación Primaria entre as capacidades dos nenos e das nenas? Por que é importante promover a igualdade de oportunidades no acceso ás carreiras científicas?

Unha vez rematado o traballo de investigación nos grupos sentámonos todos e todas en círculo para compartir o que descubrimos. Establecemos un diálogo no que todos participamos por igual e presentamos as nosas conclusións con respecto. Compartimos o que nos chamou a atención do que investigamos ou o que nos fixo reflexionar.

Deseño

XULLO

0 - 3 anos

Somos constructoras e constructores

Todas as nenas e nenos da clase levan da casa unha caixa de cartón que pintarán na clase ao seu gusto con pintura de dedos. Cando a pintura estea seca, entre todos faremos unha torre, visible para todo o centro educativo, con todas as caixas. As nenas e nenos deben colocar a súa propia caixa, tendo en conta os distintos tamaños, para que sexa estable.

3 - 6 anos

Deseño de pontes

Nenas e nenos terán que debuxar a súa propia ponte. Podemos mostrarlles o seguinte vídeo para que teñan unha guía:

<https://www.youtube.com/watch?v=y3y-YXXHqkU>

Despois de practicar, cada quen terá que deseñar a súa ponte e coloreala ou decorala con adhesivos. Cando os debuxos estean rematados, expóranse nunha parede da clase.

6 - 9 anos

Cidade da plastilina

Cada nena e neno farán unha casa con plastilina de cores. Podemos seguir a guía do vídeo proposto ou facelo como nos guste.

<https://www.youtube.com/watch?v=Cf1r1MVPRGDM>

Cando todas e todos rematemos a nosa casa, repartiremos todas as nosas construcións ao longo dunha mesa grande para recrear unha poboación. Poñerémolle un nome e exporémolo nun lugar onde a poida ver todo o colexio.

9 - 12 anos

Deseñando a miña cidade ideal

Como nos gustaría que fose a nosa cidade? Que quitaríamos? Que engadiríamos? De que material estarían feitos os edificios? Habería animais soltos? Habería fábricas? Habería zonas para xogar, zonas para pasear...?



Cristina García Fontán

Rehabilitación

XUÑO

0 - 3 anos

Cos bloques de construción realizaremos unha cidade e construiremos casas, pontes, parques... Preténdese con esta actividade o desenvolvemento de traballo cooperativo e o fomento da creatividade.

3 - 6 anos

A partir de bloques xeométricos de madeira de diferentes tamaños e formas, en pequenos grupos, nenos e nenas construírán casas. Despois explicarán ao resto da clase o que fixeron, como o fixeron e as razóns para facelo así.

Preténdese traballar as formas xeométricas, a expresión oral, o traballo en grupo, a arquitectura de restauración...

6 - 9 anos

En pequeno grupo deseñarán unha casa; pódense empregar diferentes técnicas (debuxo, colaxe, ordenador...) Pedirémolle que deseñen todos os espazos interiores e exteriores que necesitan para vivir nunha casa cómoda e agradable.

Despois, en gran grupo, analizaremos as diferenzas que se produciron entre os nenos e as nenas. Preténdese traballar a desigualdade do uso do espazo e a incidencia do uso igualitario do mesmo.

9 - 12 anos

En grupos pequenos sairemos a percorrer a cidade buscando edificios que se atopen en mal estado para facer fotos. Na aula, cada grupo fará unha proposta de restauración utilizando técnicas variadas: ordenador, debuxos, plastilina...

Preténdese traballar a reutilización dos espazos e construcións xa existentes como medio dunha sociedade ecofeminista.

12 - 15 anos

Recompilase información sobre as tres mulleres que aparecen en xuño: **Alejandra Saiz Valencia, Cristina Grau García, Nieves Ruiz e Gae Aulenti**.

Pescúdase sobre a profesión de rehabilitar edificios. Facemos reflexionar ao alumnado a través das seguintes preguntas:

- Se hai que rehabilitar unha casa ou a igrexa do teu pobo, quen pensas que o fará, un home ou unha muller?

Interiorismo

AGOSTO

0 - 3 anos

Utilizando fotografías de diferentes estancias da casa co seu mobiliario correspondente, pídese ao alumnado que vaia marcando con diferentes cores (pintura de dedos) as habitacións, á vez que as van nomeando e explicando que se fai en cada unha delas e quen as fai. Pódese facer o mesmo co mobiliario e quen o usa na casa.

3 - 6 anos

Con fotografías das protagonistas deste mes faise un quebracabezas de pezas grandes. Na asemblea ensináraselles a fotografía completa. Divídese á clase en pequenos grupos e a cada un daráselle un quebracabezas que deben completar. Cando todos finalizaran amosarán o resultado e falaremos de cada protagonista con fotografías que mostren as súas obras.

6 - 9 anos

Levaremos á clase diferentes revistas de decoración e de interiorismo, catálogos de mobles, folletos de tendas... Traballando en pequenos grupos, a cada grupo daráselle unha cartolina e deseñarán o interior dalgũa estancia da casa (a que decidan). Ao rematar, deberán amosarlle ao resto de compañeiros e compañeiras, e explicarlle porqué utilizaron esas cores, ese tipo de mobles, esa distribución do espazo...

9 - 12 anos

Dividiremos a clase por parellas. A cada parella daráselle unha fotografía con algún traballo de deseño ou interiorismo realizado por unha das nosas protagonistas, **Patricia Urquiola**, que podemos atopar no seguinte enlace:

<https://www.architecturaydiseno.es/creadores/patricia-urquiola>.

Por parellas, propoñemos ao alumnado unha historia que se desenvolva nese espazo que teñen diante. A consigna será ser o máis imaxinativos posible e que o espazo ocupe un papel importante no relato. Cando xa teñan as historias rematadas e revisadas, leranas en voz alta para o resto da clase.

12 - 15 anos

Con perspectiva de xénero

A arquitectura con perspectiva de xénero pretende disolver a clasificación e xerarquización dos espazos asignados aos roles, creando igualdade nos espazos e o gozo dos mesmos.

O interiorismo con perspectiva de xénero trata de garantir o acceso e disfrute do espazo en igualdade de condicións para toda a cidadanía.

- É unha profesión na que as alumnas pensaran para realizar nun futuro? E os alumnos? Comparamos o número de alumnos co de alumnas que responderon afirmativamente.

- Para rematar o alumnado realizará un debuxo da súa casa cos cambios que introducirían na mesma, como a rehabilitarian: materiais, espazos interiores e exteriores... e cada quen explica a súa planificación ao resto da clase.

15 - 18 anos

Actividad en pequeno grupo mixto

Dereito á vivenda. Na clase visionaremos imaxes de como quedou unha poboación despois dun conflito bélico. A partir do visionamento, en grupos pequenos, farán propostas de restauración do espazo urbano, dando unha resposta rápida de resolución e atendendo á diversidade de necesidades que teñen todas as persoas.

Restauración dun fogar tradicional no que se promova a igualdade entre homes e mulleres no uso dos espazos domésticos.

Pretendemos traballar: dereito á vivenda, resolución pacífica de conflitos, reutilización dos espazos e construcións xa existentes cunha perspectiva ecofeminista para alcanzar unha sociedade igualitaria, pacífica e respectuosa co medio ambiente.

Persoas adultas

Actividad individual

Propomos ao alumnado diferentes enlaces para que investiguen individualmente sobre muller, feminismo, restauración e arquitectura.

https://es.wikipedia.org/wiki/Matilde_Ucelay

https://www.architecturaydiseno.es/arquitectura/matilde-ucelay-fue-primera-arquitecta-espanola-historia_3936

<https://www.punt6.org/>

https://www.eldiario.es/euskadi/casas-disenadas-promover-igualdad-hombres-mujeres-revolucion-arquitectura-feminista_1_9174195.html

Elixe o tema que prefiras, fai unha presentación dixital (PowerPoint, Google Slides, Canva, Visme, Apple Keynote, Swipe...) e a partir da presentación, realíza unha exposición oral ao resto de persoas da clase.

Preténdese traballar: a restauración de espazos interiores e exteriores cun enfoque igualitario, desigualdades profesionais e de oportunidades para as mulleres...



Gae Aulenti



Matilde Ucelay Maortua

Ante estas premisas propomos ao alumnado agrupado en pequenos grupos definir e estruturar os espazos de dous vivendas. Nunha delas vivirá unha muller que traballa como informática, á que lle gusta ler e que ten un can. Noutra vivirá un home que traballa nunha empresa de electrodomésticos e ao que lle gusta pintar.

Trala exposición das vivendas deseñadas polos grupos analizaremos se foron deseñadas con perspectiva de xénero.

15 - 18 anos

Arquitectas, tamén invisibles?

Dez arquitectas dan a súa opinión ao redor da condición feminina e como se desenvolven profesionalmente no sector da arquitectura.

<https://www.youtube.com/watch?v=tids8JGBkEI>

Logo de visionar este documental, sacamos conclusións a través destas cuestións:

Existe realmente a igualdade? Que impide esa igualdade?

É importante contar con referentes femininos neste sector? Ten que ver con competencias técnicas?

Pódese extrapolar as dificultades destas mulleres neste sector a outro sector?

Para chegar a unha igualdade efectiva e real, que é necesario?

Existen diferenzas en como se valora o traballo dos homes e como se valora o das mulleres?

Persoas adultas

Os coidados e a arquitectura

Izaskun Chinchilla é unha das voces de referencia do urbanismo inclusivo. A arquitecta publicou *La ciudad de los cuidados*, onde reflexiona sobre un modelo que poña ás persoas no centro dos proxectos dende o primeiro momento. Podemos coñecer máis a esta arquitecta nos seguintes enlaces:

<https://www.connectionsbyfinsa.com/conexion-con-izaskun-chinchilla/>

<https://www.connectionsbyfinsa.com/que-es-urbanismo-inclusivo/>

Tras coñecer en que consiste a arquitectura inclusiva (maternidade e coidados, emprego da cidade por parte da infancia, protección medioambiental, transformar as cidades a curto prazo, adaptar os espazos da nosa cidade ás necesidades reais de quen vive nela) propoñemos ao alumnado que dende a perspectiva da que parte esta arquitecta para realizar os seus proxectos suxiran pequenos cambios na cidade na que viven. Estes deben ser factíbeis e ter en conta tanto o custo medioambiental como o económico. Debatenos sobre estas propostas en gran grupo.